

**MANUAL DE FORMACIÓN EN BENESTAR  
ANIMAL. PREGUNTAS. REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS  
GANDEIRAS E SEGURIDADE NO TRABALLO**





# **MANUAL DE FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS E SEGURIDADE NO TRABALLO**

XUNTA DE GALICIA  
Consellería do Medio Rural e do Mar  
Santiago de Compostela  
2014

**Coordinación:**

Antonio Ortega Souto

Jesús Cantalapiedra Álvarez

Isabel Blanco Penedo

José Luis Puerta Villegas

María del Mar Yllera Fernández

Mercedes Camiña García

**Autores:**

Antonio Ortega Souto. XUGA

Jesús Cantalapiedra Álvarez. XUGA

José Manuel Lorenzo Rodríguez. CETECA

Mario Vargas Romella. UDESC

**Edita:** Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

**Ano:** 2014

## REXISTRO DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

### 1. O Real decreto que establece e regula o rexistro xeral das explotacións gandeiras é o:

- a. RD 479/2004
- b. RD 479/2005
- c. RD 25/2004

### 2. O REGA é aplicable a:

- a. Animais de compañía
- b. Animais domésticos e silvestres
- c. Animais de produción.

### 3. O REGA non se aplica a:

- a. Búfalos
- b. Rodaballos
- c. Xabarís silvestres.

### 4. O REGA aplícase a:

- a. Visón e raposo vermello peleiteiros
- b. Londra e chinchilla peleiteiras
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

### 5. Segundo o REGA son centros de sacrificio domiciliarios:

- a. Os centros de sacrificio de porcino de autoconsumo
- b. Os de sacrificio de bovinos de autoconsumo
- c. Os de sacrificio de peixes de autoconsumo.

### 6. Segundo o REGA unha praza de touros é:

- a. Unha explotación
- b. Un centro de concentración de animais
- c. Non é unha explotación, aínda que se lle asigne un código REGA temporal.

### 7. Segundo o REGA os pastos constitúen:

- a. Unha explotación
- b. Quedan á marxe da explotación ao carecer das instalacións de estabulación
- c. Un centro de concentración temporal de animais.

**8. En España o número de díxitos de identificación dunha explotación (código REGA) é de:**

- a. 12
- b. 10
- c. 11

**9. Os animais de produción, reprodución, cebo ou sacrificio mantidos, criados e cebados para a produción de alimentos denomínanse:**

- a. Animais de compañía
- b. Animais domésticos
- c. Animais de produción.

**10. Son especies que hai que incluír no ámbito de aplicación do REGA:**

- a. Vacúns
- b. Búfalos e bisontes
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**11. Son especies que hai que incluír no ámbito de aplicación do REGA:**

- a. Corzos e cervos
- b. Gamos
- c. Todas as respostas anteriores son correctas se estes animais se crían e manteñen para producir alimentos.

**12. Son especies que hai que incluír no ámbito de aplicación do REGA:**

- a. Cebras
- b. Paspallás
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**13. O REGA non é de aplicación a:**

- a. Animais de compañía e domésticos
- b. Fauna silvestre
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**14. No REGA de galiñas poñedoras o código 0 e o código 1 da forma de cría representan:**

- a. Produción ecolóxica e campeira respectivamente
- b. Produción campeira e ecolóxica respectivamente
- c. Produción en gaiolas.

**15. Os sistemas de rastrexabilidade gandeira para as especies bovina e porcina respectivamente son:**

- a. SIMOGAN E SISPORC
- b. SIMOGAN E SIMOPORC
- c. SISOVAN E SISPORC

**16. Débense de incluír no REGA:**

- a. Prazas de touros e matadoiros
- b. Centros de sacrificio domiciliarios
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**17. Son recomendacións que cómpre ter en consideración cando se traballa con animais:**

- a. Formar os operarios
- b. Preparar e controlar o transporte, carga e descarga
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**18. Son recomendacións que cómpre ter en consideración cando se traballa con animais:**

- a. Evitar ruídos e sons agudos
- b. Non apertar nin amontoar os animais
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**19. Son recomendacións que cómpre ter en consideración cando se traballa con animais:**

- a. Achegarse aos animais polos laterais
- b. Achegarse aos animais por detrás
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**20. Son datos mínimos que se deben incluír no REGA nunha explotación de produción e reprodución:**

- a. Datos do titular
- b. Especie e situación da explotación
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**21. Son datos mínimos que se deben incluír no REGA nunha explotación de produción e reprodución:**

- a. O censo e os datos da integradora se procede
- b. A clasificación segundo a capacidade produtiva
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**22. En España o número de díxitos de identificación dunha explotación (código REGA) van precedidos das siglas:**

- a. ES
- b. NL
- c. GA

**23. Nas explotacións de galiñas de produción de carne débense de incorporar aos datos do REGA se son:**

- a. Extensivo en galiñeiro
- b. En gaiolas non acondicionadas
- c. En gaiolas de deseño industrial.

**24. Todas as explotacións con REGA deberán:**

- a. Ter un libro da explotación
- b. Ter un libro de visitas
- c. Pertencer a unha integradora.



**1. A norma española máis recente que reforma o marco normativo da prevención de riscos laborais é a:**

- a. Lei 54/2003
- b. Lei 59/2010
- c. Lei 22/2008

**2. A actual Lei española de prevención de riscos laborais é a:**

- a. Lei 31/1995
- b. Lei 31/1997
- c. Lei 31/1998

**3. No sector agrogandeiro identifícanse riscos fundamentalmente asociados a:**

- a. As instalacións
- b. O contorno ambiental
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**4. Entre os equipos de protección individual (EPI) encontramos:**

- a. Lentes e traxes
- b. Barras metálicas
- c. Coche e tractor.

**5. A enfermidade coñecida como “pulmón do granxeiro” é debida á:**

- a. Respiración de esporas con feo
- b. Bronquite verminosa e manipulación de forraxe
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**6. O conxunto de requirimentos psico-físicos aos que o traballador se ve sometido ao longo da xornada laboral coñécese como:**

- a. Carga de traballo
- b. Carga mental
- c. Requisitos do posto de traballo.

**7. Cal das seguintes recomendacións é correcta para traballar con animais:**

- a. Traballar con rapidez para evitar conflitos
- c. Usar a pica eléctrica e achegarse aos animais por detrás
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**8. As siglas OIT correspóndense con:**

- a. A Organización Iberoamericana do Traballo
- c. A Organización Internacional do Traballo
- d. A Organización Internacional do Tránsito Aéreo.

**9. A prevención de riscos do traballo na UE suxéitase á Directiva Marco:**

- a. 89/391/CEE
- b. 89/398/CEE
- c. 203/391/CEE

**10. O regulamento dos servizos de prevención en España apróbase co:**

- a. RD 39/1997
- b. RD 39/2007
- c. RD 39/1999

**11. Son custos ocultos dos accidentes de traballo:**

- a. As interferencias na produción
- b. Procesos e condenas xudiciais e sancións penais
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**12. En España a Lei de sanidade animal é a:**

- a. Lei 8/2005
- b. Lei 8/2003
- c. Lei 8/2004

**13. A zona situada á altura do ombro/cruz que serve para mover os animais denomínase:**

- a. Punto de balance
- b. Zona de fuga
- c. Zona propia do animal.

**14. Se un operario entra na zona de fuga, o animal:**

- a. Móvese
- b. Párase
- c. Alégrase.

**15. O uso de pica eléctrica está permitido:**

- a. Sempre en vacún e porcino
- b. Nunca está permitido en animais vivos
- c. Ás veces e con restricións (especie e tempo).

**16. O uso de pica eléctrica (aparells eléctricos) é válida en:**

- a. Porcinos e vacúns adultos con certas condicións
- b. Porcinos e becerros de <6 meses
- c. Nos cuartos traseiros en aplicacións < de 6 segundos.

**17. Son equipos apropiados para a conducción dos animais:**

- a. Pano e maracas
- b. Remos e bandeiras
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**18. Nas fosas de zurro pódense identificar como riscos:**

- a. A falta de oxíxeno
- b. A presenza de acúmulos de gases tóxicos e inflamables
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**19. Son riscos asociados ao gando:**

- a. Couces, patadas e pisadas
- b. Mordeduras, picadas, etc.
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**20. Son medidas de prevención con respecto ao manexo do gando:**

- a. Evitar sombras e ruídos agudos
- b. Guiar os animais con seguridade e sen medo
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**21. Son riscos asociados aos produtos químicos nas explotacións:**

- a. A inhalación e ingestión de substancias nocivas
- b. As queimaduras por contacto
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**22. Teñen que ter especial coidado ao traballar con animais:**

- a. As mulleres embarazadas e os nenos
- b. As persoas máis débiles e de moita idade
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**23. Son aspectos sanitarios con respecto ás enfermidades transmisibles polos animais ás persoas:**

- a. As vacinacións
- b. A educación para a saúde
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**24. Son zoonoses:**

- a. As enfermidades transmitidas polos animais ás persoas
- b. As enfermidades transmitidas polas persoas aos animais
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**25. O gato doméstico é o principal hospedador de:**

- a. A tuberculose
- b. A ornitose
- c. A toxoplasmose.

**26. A enfermidade coñecida como turalemia pódese contaxiar por:**

- a. A manipulación de coellos contaminados
- b. A manipulación de lebres contaminadas
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**27. A carga e descarga dos animais considérase:**

- a. A actividade máis estresante que teñen os animais de produción
- b. Unha actividade pouco estresante
- c. Un proceso con poucas repercusións nos animais.

**28. Para evitar os riscos de transmisión de enfermidades deberase:**

- a. Extremar as medidas de hixiene persoal
- b. Conseguir ambientes sans para evitar o contacto con restos biolóxicos
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**29. Entre os dereitos que recolle a Lei 31/95 de prevención de riscos laborais están:**

- a. O dereito á propiedade privada
- b. O dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e hixiene
- c. Toas as respostas anteriores son correctas.

**30. Incluídas no concepto “condicións de traballo” están:**

- a. As características xerais dos locais, instalacións, equipos e produtos
- b. Todas as características do traballo, incluídas as relativas á súa organización e ordenación, que inflúen na magnitude dos riscos aos que estea exposto o traballador
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**31. Se un traballador considera que se encontra exposto a un risco grave e inminente:**

- a. O traballador debe avisar o encargado e continuar traballando ata que este valore a situación
- b. O traballador ten dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**32. En relación ao custo das medidas relativas á formación en materia preventiva:**

- a. O seu custo non deberá recaer de ningún modo sobre os traballadores
- b. Deberá impartirse sempre que sexa posible dentro da xornada laboral
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**33. Entre os principios da acción preventiva encóntranse:**

- a. Combater os riscos na súa orixe
- b. Adaptar a persoa ao traballo
- c. Todas as respostas anteriores son correctas.

**34. Entre outras, sempre se deberá consultar os traballadores con antelación á adopción de decisións relativas a:**

- a. A planificación e organización do traballo
- b. A designación dos traballadores encargados das medidas de emerxencia
- c. As dúas respostas anteriores son correctas.

**35. En relación á vixilancia periódica do estado de saúde dos traballadores:**

- a. Sempre se levará a cabo obrigatoriamente para poder seguir traballando na empresa
- b. Só se levará a cabo co consentimento previo do traballador, salvo determinadas excepcións
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**36. Son obrigas dos traballadores en canto ao uso dos EPI:**

- a. Usalos correctamente de acordo coas instrucións recibidas
- b. Pagalos no caso de deterioración anómala
- c. As dúas respostas anteriores son correctas.

**37. Segundo a Lei 31/95 de prevención de riscos laborais é obriga dos traballadores:**

- a. Non poñer fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade
- b. Informar inmediatamente ao seu superior ou aos traballadores designados sobre situacións que, ao seu xuízo, entrañen risco para o traballador
- c. As dúas respostas anteriores son correctas.

**38. Sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:**

- a. Terá a consideración de accidente de traballo o que sufra o traballador ao ir ou ao volver do lugar de traballo
- b. Enténdese por accidente de traballo toda lesión corporal que o traballador sufra con ocasión ou por consecuencia do traballo
- c. As dúas repostas anteriores son correctas.

**39. A OMS define a saúde como:**

- a. Ausencia de enfermidade
- b. O benestar físico sen enfermidade ao longo da vida laboral
- c. O estado completo de benestar físico, mental e social do traballador.

**40. O empresario poderá asumir persoalmente o desenvolvemento das actividades preventivas cando concorran, entre outras, as seguintes circunstancias:**

- a. Que a empresa teña menos de 6 traballadores
- b. Que a actividade desenvolvida pola empresa non estea incluída no anexo I da Lei de prevención de riscos
- c. As dúas repostas son correctas.

**41. Os contaminantes químicos poden penetrar no corpo por distintas vías:**

- a. Vía respiratoria, vía dérmica, vía dixestiva e vía parenteral
- b. Vía aérea, vía dérmica e vía oral
- c. Vía aérea, vía dérmica e vía líquida.

**42. Os principais riscos dos produtos químicos é:**

- a. As queimaduras
- b. A neumoniose
- c. As infeccións de pel.

**43. Os contaminantes biolóxicos poden dar lugar a enfermidades do tipo:**

- a. Parasitarias
- b. Infecciosas
- c. As dúas son posibles.

**44. As radiacións infravermella, visible e ultravioleta:**

- a. Afectan fundamentalmente as partes internas do corpo
- b. Afectan a pel e os ollos
- c. Non afectan o corpo.

**45. As partes móbiles das máquinas teñen que:**

- a. Ser accesibles para poder reparalas
- b. Ter proteccións que impidan os atrapamentos

**46. Sinala cal das seguintes son enerxías mecánicas:**

- a. Ruído e vibracións
- b. Calor e frío
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**47. Denomínase traballador exposto con relación aos equipos de traballo:**

- a. O operador do equipo de traballo
- b. Calquera traballador que se encuentre na denominada “zona perigosa” do equipo de traballo
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**48. En referencia aos equipos de traballo:**

- a. O empresario ten a obriga legal de formar e informar adecuadamente os traballadores sobre os riscos derivados do seu uso
- b. Deben estar provistos de dispositivos identificables para separalos da súa fonte de enerxía
- c. As dúas respostas anteriores son correctas.

**49. As escadas de man cando se usen para acceder a lugares de traballo elevados deben:**

- a. Superar polo menos 1 metro á altura de destino
- b. Quedar á mesma altura
- c. Superar 20 cm como mínimo á dita altura.

**50. A utilización de ferramentas manuais en tarefas para as cales non foron deseñadas pode ser unha causa de accidente:**

- a. Non, depende da habilidade do operario ao realizar o traballo
- b. Non, sempre que consigamos con iso realizar a tarefa
- c. Si, incrementa altamente a posibilidade de accidente.

**51. En canto ao inadecuado estado de conservación das ferramentas e a súa incorrecta almacenaxe:**

- a. Non inflúe nas condicións de seguridade e saúde no traballo
- b. Pode ser causa de accidentes
- c. A mala conservación pode dar lugar a accidentes, pero a súa almacenaxe non inflúe.

**52. A falta dunha iluminación adecuada á hora de realizar os traballos pode ser causa de accidente:**

- a. Non, sempre que distingamos os obxectos
- b. Non, se é só un momento
- c. Si, en todo caso.

**53. A falta de orde e limpeza, así como a incorrecta almacenaxe de materiais:**

- a. Non é problema se se dispón de espazo suficiente e hai suficiente iluminación
- b. É un factor que incrementa a posibilidade de riscos
- c. Non ten relevancia se é en lugares no que o seu paso é ocasional.

**54. Considérase carga:**

- a. Calquera obxecto susceptible de ser movido cuxo peso exceda de 3 kg
- b. Calquera obxecto susceptible de ser movido cuxo peso exceda de 5 kg
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**55. Cando levantamos pesos ou os transportamos:**

- a. Debemos flexionar as costas pois senón non poderíamos levantalos con comodidade
- b. Debemos manter as costas estiradas e asentar firmemente os pés
- c. Só as embarazadas deben de manter estiradas as costas.

**56. As lesións que se poden producir por un incorrecto manexo manual das cargas son entre outras:**

- a. Contusións, cortes e fracturas
- b. Lesións músculo-esqueléticas
- c. Ambas respostas son correctas.

**57. O peso máximo que se recomenda non exceder como norma xeral é de:**

- a. 25 kg
- b. 15 kg
- c. 30 kg

**58. En caso de mulleres, traballadores novos ou maiores, este peso é de:**

- a. 5 kg
- b. 10 kg
- c. 15 kg

**59. Ao descargar materiais debemos:**

- a. Non xirar as costas
- b. Ordenar o material descargado fóra das zonas de paso
- c. Ambas respostas son correctas.

**60. As actividades de almacenaxe entrañarán risco se:**

- a. Hai posibilidade de afundimentos de plataformas
- b. Hai posibilidade de caída de cargas por zonas de paso
- c. Ambas respostas son correctas.



**61. En canto aos locais de almacenaxe de substancias inflamables:**

- a. Deben carecer de ventilación
- b. Deben ter un sistema de drenaxe en caso de derrame ocasional
- c. Ambas respostas son correctas.

**62. Entre as medidas de protección contra o risco eléctrico están:**

- a. A revisión periódica das instalacións eléctricas
- b. A protección das partes das instalacións expostas ao risco de golpes accidentais con maquinaria ou ferramentas
- c. Ambas respostas son correctas.

**63. Os lumes de tipo B son:**

- a. Producidos por líquidos
- b. Producidos en materiais en fase gasosa
- c. Producidos pola combustión de certos metais.

**64. En presenza de tensión eléctrica non se deben usar axentes extintores de:**

- a. Po seco polivalente
- b. Espuma
- c. CO<sub>2</sub>

**65. Os extintores deben situarse:**

- a. Nos almacéns
- b. No tractor
- c. Ambas respostas son correctas.

**66. A información máis ampla e detallada sobre os axentes químicos obtense de:**

- a. A ficha de datos de seguridade
- b. As normas técnicas de seguridade química
- c. As frases de seguridade L/D.

**67. O ruído é:**

- a. Un axente de risco de tipo físico
- b. Un axente de risco de tipo mecánico
- c. Un axente de risco de tipo biolóxico.

**68. É obriga do empresario:**

- a. Reducir técnica e razoablemente posible os niveis de ruído
- b. Proporcionar proteccións auditivas a todos os traballadores
- c. Ambas respostas son correctas.

**69. Nos postos de traballo nos que o nivel diario de ruídos equivalente supere os 85 dB:**

- a. Debe realizarse o control médico periódico da función auditiva cada 3 anos, como mínimo
- b. Deben proporcionarse protectores auditivos a todos os traballadores expostos
- c. Ambas respostas son correctas.

**70. Nos postos de traballo nos que o nivel diario de ruídos equivalente supere os 90 dB:**

- a. Debe realizarse o control médico periódico da función auditiva cada 2 anos
- b. É obriga o uso de protectores auditivos por parte do traballador
- c. Debe substituírse a máquina por outra.

**71. Os protectores auditivos son:**

- a. Equipos de protección persoal
- b. Equipos de eliminación de riscos
- c. Ambas respostas son correctas.

**72. Entre outros, serán efectos das vibracións sobre o corpo humano:**

- a. Trastornos do sistema nervioso central
- b. Variacións do ritmo cerebral ou dificultade do equilibrio
- c. Ambas respostas son correctas.

**73. Entre outros, son traballos con risco biolóxico:**

- a. Industrias alimentarias
- b. Gandería
- c. Ambas respostas son correctas.

**74. Os axentes biolóxicos caracterízanse por:**

- a. Non ser danosos
- b. Poder causar infeccións, alerxias ou toxicidade
- c. Ambas respostas son correctas.

**75. Entre as medidas preventivas no traballo con axentes biolóxicos encóntanse:**

- a. Extremar a hixiene persoal
- b. Débese reducir ao mínimo posible o número de traballadores expostos nas tarefas con risco de infección
- c. Ambas respostas son correctas.

**76. Son métodos para previr a fatiga:**

- a. A rotación de tarefas
- b. O incremento da autonomía na organización destas
- c. Ambas respostas son correctas.

**77. É un tipo de protección colectiva:**

- a. As varandas nos lugares elevados
- b. As luvas para o manexo manual das cargas
- c. O calzado de seguridade con soleta reforzada.

**78. Son tipos de sinais:**

- a. Prohibición, obriga e advertencia
- b. Relativos á loita contra incendios, salvamento ou socorro
- c. Ambas respostas son correctas.

**79. A protección individual do traballador ten por obxecto:**

- a. Protexer o traballador fronte ás agresións externas de tipo físico, químico e biolóxico que existen e se xeran no desempeño dunha actividade laboral determinada
- b. Úsase tras intentar eliminar o risco
- c. Ambas respostas son correctas.

**80. A protección individual debe considerarse:**

- a. Como complemento da protección colectiva
- b. Como substituto á protección colectiva
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**81. É un exemplo de equipo de protección individual (EPI):**

- a. Botas resistentes á auga e á humidade
- b. Equipos de protección individual dos medios de transporte por estrada
- c. Ambas repostas son correctas.

**82. Sinala algúns dos requisitos aplicables aos EPI:**

- a. Declaración de conformidade CE
- b. Serán o máis lixeiros posible, sen prexuízo da súa solidez de fabricación
- c. Ambas respostas son correctas.

**83. Entre outras, son funcións dos equipos de emerxencia:**

- a. Estar perfectamente informados do risco xeral e particular que presentan os diferentes procesos dentro da actividade
- b. Coñecer a existencia e uso dos medios materiais dos que se dispón
- c. Ambas respostas son correctas.

**84. Forman parte do equipo de primeira intervención:**

- a. Persoal formado para o manexo de extintores
- b. Persoal encargado de dar a voz de alarma
- c. Persoal encargado da evacuación.

**85. Os delegados de prevención están facultados para:**

- a. Ter acceso á información e documentación necesaria para o cumprimento das súas funcións
- b. Acompañar os técnicos e os inspectores na avaliación de riscos, pero non poderá exercer o labor de control do estado das instalacións
- c. Ambas respostas son correctas.

**86. A documentación propia do sistema de xestión da prevención estrutúrase, entre outros, nos seguintes documentos:**

- a. As medidas de prevención e protección que cómpre adoptar
- b. A planificación da actividade preventiva e a avaliación dos riscos
- c. Ambas respostas son correctas.

**87. O Plan de prevención é:**

- a. O elemento básico e fundamental sobre o que se asenta a xestión da prevención na empresa
- b. O proceso dirixido a estimar a magnitude dos riscos laborais que non se poden evitar
- c. Ambas respostas son correctas.

**88. A avaliación de riscos ha de conter como mínimo:**

- a. A identificación de todos os postos de traballo, o risco ou os riscos existentes en cada uno deles e a relación de traballadores afectados
- b. O resultado da avaliación e as medidas preventivas procedentes, así como a referencia dos criterios e procedementos de avaliación, dos métodos de medición e a análise ou o ensaio utilizados
- c. Ambas respostas son correctas.

**89. Segundo o artigo 20 da Lei 31/95, o empresario debe analizar posibles situacións de emerxencia e adoptar medidas pertinentes, o cal obriga a:**

- a. Designar e formar persoal en materia de primeiros auxilios
- b. Designar un médico de empresa
- c. Ambas respostas son correctas.

**90. A primeira actuación para atender un accidentado é:**

- a. Socorrer
- b. Avisar
- c. Protexer.

**91. A palabra PAS designa as actuacións secuenciais para atender un accidentado, que significa:**

- a. P de protexer, A de avisar e S de socorrer
- b. P de paliar, A de actuar e S de salvar
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**92. A frecuencia da masaxe cardíaca e o boca-boca será:**

- a. 15 compresións por 2 insuflacións
- b. 15 compresións por 4 insuflacións
- c. 30 compresións por 2 insuflacións.

**93. Marca a resposta incorrecta respecto ao manexo dos animais:**

- a. Débese utilizar luvas e roupa de protección para evitar a dermatite
- b. Ao conducir o gando en grupo, a posición lateral sempre é máis segura
- c. Cando nos achegamos a un animal hai que facelo por detrás.

**94. As enfermidades que os animais transmiten ao ser humano reciben o nome de:**

- a. Zoonose
- b. Asbestose
- c. Ningunha das dúas, depende de que enfermidade se trate.

**95. As enfermidades que os animais transmiten ao ser humano:**

- a. Son sempre por contacto
- b. Transmítense só por contacto ou inhalación
- c. Transmítense tanto por contacto e inhalación como por vía dixestiva, entre outros.

**96. Para evitar ou reducir as posibilidades de contraer enfermidades é importante:**

- a. Extremar as medidas de hixiene
- b. Cumprir as campañas de vacinación e tratamentos antiparasitarios
- c. Introducir os novos animais á súa chegada o antes posible no grupo.

**97. En caso de falecemento de animais por enfermidade, débese de actuar:**

- a. Non movendo o cadáver ata a chegada do veterinario
- b. Sacando o cadáver e enterrándoo o antes posible
- c. Sacar e illar o cadáver utilizando sempre equipos de protección como luvas e roupa desbotable ou doadamente lavable, e incluíndo sempre o uso da máscara.

galicia



XUNTA  
DE GALICIA